

ÚLTIMA HORA
O NORDÉS



O NORDÉS: O DÍA A DÍA DUN XORNAL / O DÍA A DÍA DUNHA CIDADE

O Nordés é unha serie de emisión semanal, en episodios de aproximadamente sesenta minutos de duración para o horario de *prime time*. É unha ficción de xénero, unha *serie profesional*, sobre o mundo do xornalismo.

O Nordés é un xornal centenario da cidade de Vigo que pasa por un mal momento económico e sofre as presións dun importante empresario que intenta facerse co seu control; grazas ó empeño da editora e ó do resto do equipo que fai o xornal, o Nordés segue informando e mantendo, con moitas dificultades, a súa independencia.

A historia que se conta no Nordés é a dos problemas cotiás, dos conflitos profesionais e persoais, do nutrido grupo de traballadores que fan posible que o xornal saía á venda; pero tamén é a historia do que pasa no día a día da cidade máis urbana, industrial, caótica, conflictiva e fascinante de Galicia: Vigo.